

ESTATUTOS

Asociación Compostelá de Esclerosis Múltiple
(A.C.E.M.)

ANO 2020



ÍNDICE

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN

Artigo 1. Denominación e constitución.....	4
Artigo 2. Personalidade	4
Artigo 3. Domicilio	4
Artigo 4. Duración e ámbito	4-5
Artigo 5. Misión e Visión	5
Artigo 6. Principios e valores	5
Artigo 7. Fins	5-6-7
Artigo 8. Medios	7

CAPÍTULO II – DAS/DOS SOCIAS/OS E OUTRAS/OS

Artigo 9. Socias/os	8
Artigo 10. Tipos de socias/os	8
Artigo 11. Ingresos e baixas	8
Artigo 12. Procedemento de admisión	8
Artigo 13. Documentos de admisión	9
Artigo 14. Números de socias/os	9
Artigo 15. Deberes	9
Artigo 16. Dereitos	9-10
Artigo 17. Réxime disciplinario	10
Artigo 18. Perda da condición de socia/o	10-11
Artigo 19. Colaboradoras/es	11
Artigo 20. Nomeamentos honoríficos	11

CAPÍTULO III – DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 21. Órganos de Goberno	12
Artigo 22. Composición e Participación na Asemblea Xeral	12
Artigo 23. Delegación	12
Artigo 24. Clases de Asemblea Xeral e a súa convocatoria	12-13
Artigo 25. Funcións da Asemblea Xeral Ordinaria.....	14
Artigo 26. Funcións da Asemblea Xeral Extraordinaria.....	14
Artigo 27. Constitución, Desenvolvemento e Acordos da Asemblea Xeral	15
Artigo 28. Xunta Directiva	16
Artigo 29. Elección, duración e renovación da Xunta Directiva.....	16-17
Artigo 30. Funcións da Xunta Directiva	17-18
Artigo 31. Funcionamento da Xunta Directiva	18-19
Artigo 32. Comisión Permanente	19
Artigo 33. Comisión de Ética	19
Artigo 34. Dos órganos unipersonais	19-20
Artigo 35. Presidenta/e	20
Artigo 36. Vicepresidenta/e	20-21
Artigo 37. Secretaria/o.....	21
Artigo 38. Tesoureira/o	22
Artigo 39. Vogais	22



CAPÍTULO IV – DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 40. Impugnacións	22-23
Artigo 41. Recursos	23

CAPÍTULO V – DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 42. Recursos económicos	23
Artigo 43. Cotas	23-24
Artigo 44. Orzamento	24
Artigo 45. Disposición de fondos	24-25

CAPÍTULO VI – DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 46. Procedemento de modificación	25
---	----

CAPÍTULO VII – DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 47. Disolución	25
Artigo 48. Comisión liquidadora	25-26
Artigo 49. Asemblea Xeral no período de liquidación.....	26
Artigo 50. Destino dos bens resultantes	26

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN

Artigo 1 Constitución e denominación

A Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (en castelán, Asociación Compostelana de Esclerosis Múltiple), de agora en adiante A.C.E.M., é unha asociación sen ánimo de lucro constituída con data 24 de novembro de 1995 con número de CIF G15528813, ó amparo do artigo 22 da Constitución Española. A.C.E.M. rexerase polo establecido na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, así como polo previsto nos presentes Estatutos.

A.C.E.M. é o resultado da libre vontade das/dos súas/seus socias/os, ostentando a súa representación fundamentalmente no ámbito xeográfico, clínico e administrativo do CHUS (Complexo Hospitalario Universitario Santiago de Compostela).

Artigo 2 Personalidade

A.C.E.M. ten personalidade xurídica propia e independente da das/dos súas/seus socias/os, e conforme ó artigo 35 e seguintes do Código Civil goza de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas nos termos previstos nestes Estatutos e nas leis.

Artigo 3 Domicilio

O enderezo social de A.C.E.M., a efectos legais, queda establecido na rúa Queixume dos Pinos, en Salgueiriños, CP 15705, Santiago de Compostela (A Coruña). Os seus teléfonos son 981 575 240 e 620 533 471 e o seu e-mail: acem.santiago@gmail.com.

Pode ser trasladado a outro lugar por proposta da Xunta Directiva, que así mesmo poderá proponer a apertura de delegacións noutras localidades dentro do seu ámbito de actuación, e de outros lugares considere axeitados para o normal desenvolvimento de A.C.E.M. O traslado definitivo do domicilio social requirirá a ratificación da Asemblea Xeral.

Artigo 4 Duración e ámbito

A.C.E.M. constitúese por tempo indefinido, agás causa legal ou estatutaria de disolución.

O ámbito territorial propio de A.C.E.M. é o correspondente ás provincias de A Coruña e Pontevedra (concellos e comarcas incluídas dentro do ámbito de atención,

xeográfico, clínico e administrativo do Complexo Hospitalario Universitario Santiago de Compostela). Sen embargo, previo acordo coas entidades de ámbito superior das que é membro, poderá actuar por si mesma ou no seo doutras organizacións, no ámbito provincial, autonómico, estatal e internacional, en atención ás necesidades do colectivo de persoas con esclerose múltiple.

Artigo 5 Misión e Visión

A misión da A.C.E.M. é a de levar a cabo toda clase de accións destinadas a mellorar a situación das persoas con esclerose múltiple e doenzas semellantes, así como a das súas familias, a través da prestación de servizos socio-sanitarios, da sensibilización social e a defensa dos dereitos do colectivo de persoas con EM.

A A.C.E.M. ten como un dos seus principios constituirse nunha entidade consolidada e amplamente recoñecida, pola sociedade en xeral, polos seus valores, compromiso, profesionalidade e liderado nas metodoloxías de traballo e na procura da excelencia nas actuacións dirixidas ao grupo social das persoas afectadas de esclerose múltiple e/ou as súas familias.

Artigo 6 Principios e valores

A A.C.E.M. definease como unha entidade que carece expresamente de ánimo de lucro, independente e libre, aconfesional, apartidista, non gobernamental e de carácter voluntario.

A A.C.E.M. basea a súa actuación nos seguintes principios e valores:

- Democracia interna.
- Xestión ética e solidaria.
- Impulso da participación dos seus membros e tódalas súas actuacións.
- Transparencia e publicidade na xestión e actuación das/dos súas/seus socias/os.
- Defensa das necesidades xerais por riba de intereses particulares.
- A defensa do grupo social como titular de dereitos, evitando as mensaxes sentimentalistas, paternalistas ou asistenciais.



Os valores que a A.C.E.M. propugna son a consideración das persoas con esclerose múltiple como suxeitos titulares de dereitos e deberes, a calidade e na súa actuación, o traballo en equipo, a eficacia e a eficiencia, a mellora continua, e o compromiso co colectivo de persoas con EM.

Artigo 7 Fins

Os fins principais de A.C.E.M. son:

1. Apoiar a tódalas persoas con esclerose múltiple e as súas familias, residentes no territorio do seu ámbito de actuación.

- 
2. Defensa do dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con esclerose múltiple.
 3. Facilitar información acerca da esclerose múltiple ós profesionais sanitarios e sociais e ós familiares, coa fin de lograr un mellor coñecemento e implicación dos mesmos.
 4. Apoiar e representar ao colectivo de persoas con esclerose múltiple e as súas familias, para a consecución dos seus dereitos e a denuncia da vulneración dos mesmos, co máis absoluto respeito a súa dignidade e diversidade.
 5. Promover e apoiar as iniciativas á creación de Unidades de Referencia en esclerose múltiple dentro da nosa Comunidade Autónoma.
 6. Promover e/ou crear os servizos de estudo, programación, formación, asistencia técnica, xestión especializada ou outros equivalentes que as circunstancias aconsellen.
 7. Promover, facilitar ou utilizar os medios lícitos de propaganda, publicidade, información ou difusión para dar a coñecer a A.C.E.M., así como os problemas das persoas con esclerose múltiple e das súas familias.
 8. O desenvolvemento das actividades docentes encamiñadas á formación do persoal técnico especializado na diagnose e tratamento da patoloxía.
 9. A investigación dos problemas que plantexa a esclerose múltiple nos seus aspectos epidemiolóxicos, fisiopatolóxicos, clínicos, diagnósticos, preventivos, terapéuticos e sociais.
 10. A educación sanitaria popular, para dar a coñecer a existencia da esclerose múltiple e as súas posibles solucións terapéuticas.
 11. Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con esclerose múltiple.
 12. Crear as condicións para que as/os súas/seus socias/os poidan cumplir axeitadamente a misión.
 13. Promover actitudes sociais positivas cara a persoa con esclerose múltiple en particular, e todo o colectivo de persoas con discapacidade en xeral.
 14. Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo.
 15. Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo de persoas con esclerose múltiple e as súas familias, con criterios de solidariedade.
 16. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da esclerose múltiple.
 17. Representar aos seus membros no ámbito provincial, autonómico, estatal e internacional.
 18. Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
 19. Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller con esclerose múltiple, loitando pola súa igualdade de oportunidades na esfera social.
 20. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia esclerose múltiple, dirixidos especificamente á atención da infancia e a xuventude.
 21. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia esclerose múltiple, dirixidos especificamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.

22. Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.
23. Promover e pôr en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con esclerose múltiple, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.
24. Promover e pôr en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de lecer orientadas ás persoas con esclerose múltiple.
25. Calquera outra que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuir ó cumprimento da misión da A.C.E.M. ou redundar no beneficio das persoas con esclerose múltiple.

Artigo 8 **Medios**

1. Organizar os servizos necesarios de investigación, estudo, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos, congresos e seminarios sobre diversos aspectos da esclerose múltiple.
2. Organización dunha biblioteca, así como a creación, en canto sexa posible, dunha revista especializada.
3. Plantexamento e realización dun programa de educación sanitaria popular que difunda o coñecemento da esclerose múltiple e o interese da súa diagnose precoz.
4. Colaboración con todas aquellas entidades oficiais e particulares cuxas actividades poidan ser de utilidade na consecución das finalidades da A.C.E.M.
5. Prestación de servizos rehabilitadores e sociosanitarios que melloren a calidade de vida das persoas con esclerose múltiple e/ou os seus familiares.
6. Promover, facilitar ou utilizar tódolos medios lícitos de información, formación e difusión para dar a coñecer os problemas das persoas con esclerose múltiple e o seu entorno.
7. Promover o voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos seus fins sociais.
8. Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permitan o sostento económico da A.C.E.M.
9. Contribuir á integración, creación e promoción de centros sanitarios, educativos, ocupacionais, profesionais, residenciais, ou de calquera outra índole, dos que a súa tipoloxía sexa autorizada por Lei, nos que primen a inserción sociolaboral das persoas con esclerose múltiple conforme á lexislación vixente.
10. Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.

CAPITULO II

DAS/DOS SOCIAS/OS E OUTRAS/OS

Artigo 9

Socias/os

A A.C.E.M. constitúese como unha entidade aberta da que poden formar parte tódalas persoas con capacidade de obrar que o soliciten, sempre que comparten os principios e fins da Asociación e teñan interese no desenvolvemento dos mesmos e na plena integración das persoas con esclerose múltiple.

Artigo 10

Tipos de Socias/os

A A.C.E.M. terá as seguintes clases de socias/os:

- Socias/os Fundadores, que serán aqueles que participaron no acto de constitución da Asociación.
- Socias/os de Número, que serán os que ingresen despois da constitución da Asociación, poidendo ser:
 - persoas maiores de idade, con capacidade de obrar, que non estean suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do derecho,
 - persoas menores de idade, non emancipadas, de máis de catorce anos, previo consentimento documentalmente acreditado dos seus pais, titores ou representantes legais.
- c) Socias/os de Honra, ver artigo 20.

Os socias/os Fundadores e de Honra poden ser, ao mesmo tempo, socias/os de número.

Artigo 11

Ingresos e baixas

O ingreso na A.C.E.M. como socia/o da mesma será voluntario. A baixa será voluntaria ou forzosa, por algunha das causas especificadas no artigo 19.

Artigo 12

Procedemento de admisión

O procedemento de admisión das/dos socias/os realizarase mediante:

- Solicitud escrita ou comunicación da/o interesada/o dirixida á asociación.
- Presentación da documentación esixida.

Os acordos de admisión de asociadas e asociados, tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que deseja ser admitida.

Artigo 13

Documentos de admisión

Documentación a presentar pola persoa (en cada caso concreto):

- a) Copia do DNI ou documento similar que acredite a identidade da persoa solicitante.
- b) Autorización expresa dos pais ou titores.
- c) Copia do documento que acredite a representación legal do menor de idade ou incapacitado xudicialmente.

A Xunta directiva poderá solicitar a ampliación da documentación que considere necesaria.

Artigo 14

Número de socias/os

Non se establece un numero máximo de socias/os da A.C.E.M..

Artigo 15

Deberes

Serán deberes das/dos socias/os fundadoras/es e de número os seguintes:

1. Cumprir os presentes Estatutos e acatar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e de representación da A.C.E.M..
2. Actuar de xeito acorde cos principios e valores da A.C.E.M. e respectar a dignidade e os dereitos das persoas con esclerose múltiple e/ou as súas familias.
3. Aboar as cotas que se fixen.
4. Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.
5. Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.
6. Aportar toda a documentación requirida pola Xunta Directiva.
7. Contribuír ao sostento da A.C.E.M., aportando os medios necesarios de acordo co establecido pola Asemblea Xeral.
8. Manter absoluto segredo sobre os datos que coñecera como consecuencia da información adquirida na A.C.E.M.
9. Cumprir o resto das obrigas que resulten das disposicións estatutarias.

Artigo 16

Dereitos

Serán dereitos dos socios/as fundadores e de número os seguintes:

1. Tomar parte en tódalas actividades que organice a Asociación no cumprimento dos seus fins.
2. Desfrutar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.
3. Participar nas Asembleas con voz e voto.
4. Seren electores elixibles para os cargos directivos.

5. Seren informados acerca da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
6. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos de goberno da Asociación.
7. Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde ao mellor cumprimento dos fins da Asociación.
8. Utilizar os servizos de toda índole que se creen na Asociación.
9. Acceder a toda a documentación da Asociación nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos persoais.
10. Seren apoiadas/os pola Asociación nas iniciativas que se consideren oportunas.
11. Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á Lei ou aos Estatutos.
12. Ter copia destes Estatutos.
13. Seren oídas/os con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas/es e seren informadas/os dos feitos que dean lugar a tales medidas. A posible sanción, en todo caso, deberá ser motivada.

Artigo 17 **Réxime disciplinario**

Á proposta da Xunta Directiva, a Asemblea Xeral establecerá un Réxime Disciplinario que regule o procedemento e as sancións que poidan imponerse ás-aos socias/os que vulneren os presentes Estatutos e as decisións dos órganos de goberno.

Artigo 18 **Perda da condición de socia/o**

Poderá perderse a condición de socia/o da A.C.E.M. por:

- a) Renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Causa ou disposición legal.
- c) Expulsión, a causa de:
 - Incumprimento do recollido nos presentes Estatutos, en especial do estipulado no artigo 15 de deberes das/dos socias/os.
 - Incumprimento das obrigas económicas, salvo por circunstancias debidamente xustificadas e autorizadas pola Xunta Directiva.
 - Reiterado incumprimento dos acordos adoptados polos Órganos de Goberno.
 - Desenvolver unha actuación prexudicial e grave para os intereses da A.C.E.M.
 - Non pór á disposición de A.C.E.M. a información ou documentación requirida polos Órganos de Goberno.

- Utilizar medios, para a obtención de fondos, que atenten contra a dignidade das persoas con discapacidade en xeral, e en particular das persoas con esclerose múltiple.
- Realizar accións que non permitan o control da recadación, custos e destino dos beneficios obtidos.

A expulsión como socia/o da A.C.E.M. constará, debidamente acreditada, no correspondente expediente, que non poderá resolverse sen a audiencia da parte interesada.

O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral ante a cal a/o asociada/o poderá recorrer, e terá efectos definitivos a partir do momento no que se produza tal acordo, levando aparellada a perda de todos os dereitos derivados da condición de socia/o. Mentre non sexa ratificado, a/o asociada/o estará en situación de baixa temporal.

Artigo 19 Colaboradoras/es

As/os colaboradoras/es serán todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que colaboren de maneira desinteresada coa A.C.E.M. mediante a súa participación ou mediante achegas económicas.

As/os colaboradoras/es non son titulares de obrigas nin dereitos.

Artigo 20 Nomeamentos honoríficos

Os nomeamentos honoríficos corresponderán á Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva. Poden ser:

- Socia/o de Honra: persoa física ou xurídica que se distinga pola súa actuación a favor dos fins da A.C.E.M. e que teña contribuído de xeito importante á dignificación e desenvolvemento da Asociación.
- Presidenta/e de Honra: persoa física que habendo presentado unha actuación de relación relevante coa asociación, ten sido en determinados momentos decisivo na existencia da mesma.

As/os Socias/os e as/os Presidenta/es de Honra non estarán suxeitas/os ás obrigas establecidas nos presentes Estatutos, nin serán titulares de dereitos agás a súa asistencia á Asemblea Xeral, con voz pero sen voto.



CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 21 Órganos de Goberno

A.C.E.M. rexerase polo sistema de autogoberno e o principio de representación, a través dos seguintes órganos:

- Asemblea Xeral
- Xunta Directiva

Artigo 22 Composición e Participación na Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de governo da A.C.E.M. e estará integrada por:

- As/os socias/os fundadores e de número da A.C.E.M., con voz e un voto.
- As/os socios e as/os presidentes de honra, con voz e sen voto.

A/o Presidenta/e e a/o Secretaria/o da Xunta Directiva serán da Asemblea Xeral.

Non poderán ser membros da Asemblea Xeral todas aquelas persoas que directa ou indirectamente, mediante a/o súa/seu cónxuge ou relación análoga, parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, estean relacionadas/os con Centros Especiais de Emprego con Ánimo de Lucro ou calquera outra actividade profesional, empresarial ou industrial que puidese dar lugar a un conflito de intereses.

Poderán asistir ás reunións da Asemblea, previo acordo da Xunta Directiva, con voz e sen voto, e a título de invitadas/os, todas aquelas persoas que se considere poidan aportar xuízos ou informacións técnicas útiles e importantes para as decisións deste órgano.

Artigo 23 Delegación

A/o socia/o de número poderá delegar a súa representación noutra/o socia/o de número mediante acreditación, na que en todo caso haberá de expresarse a Asemblea concreta para a que a delegación se outorgue, a cal deberá ser presentada antes da hora fixada na convocatoria para a celebración da Asemblea Xeral (*Anexo I dos estatutos*).

Artigo 24 Clases de Asemblea Xeral e a súa convocatoria

As reunións da Asemblea Xeral poderán ter carácter Ordinario e Extraordinario.

A Asemblea Xeral reunirase con carácter Ordinario unha vez ó ano, preferentemente dentro dos catro meses seguintes ó peche do exercicio.

A Asemblea reunirase con carácter Extraordinario cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo da/do Presidenta/e, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propóna por escrito unha décima parte das/os asociadas/os.

Neste último caso, a solicitude farase por medio dun escrito dirixido á/ao Presidenta/e, autorizado coas sinaturas das/os solicitantes, no que se exporá o motivo da convocatoria e a Orde do Día. Esta deberase convocar no prazo máximo dun mes.

Tanto a convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria como da Extraordinaria será comunicada ás/aos socias/os pola/o Presidenta/e cunha antelación mínima de quince días previos á data na que estea prevista a súa celebración, mediante circular de difusión interna, correo postal, correo electrónico ou mediante calquera medio que deixe constancia da convocatoria.

No caso de que deban tomarse decisións con carácter de urxencia, a convocatoria poderá facerse con só 10 días de antelación.

Na convocatoria de todas as Asembleas Xerais, farase constar o lugar, dia e hora da reunión, así como a Orde do Día con expresión concreta dos puntos a tratar pola Asemblea, e no seu caso, deberán incluirse tódolos asuntos propostos pola décima parte das/dos socias/os que solicitaran a Asemblea.

As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, poderán celebrarse excepcionalmente mediante videoconferencia ou outros medios telemáticos que permitan o recoñecemento e identificación dos asistentes e a permanente comunicación entre eles.

Corresponde ao Presidente/a apreciar a conveniencia ou necesidade de acudir a este modo excepcional de celebración. A convocatoria deberá cumplir os mesmos requisitos formais que se establecen para as asembleas presenciais e ademais deberá garantirse que:

- todas/os as/os socias/os que desexen participar na asemblea teñan a posibilidade real e efectiva de facelo por dispoñer dos medios técnicos adecuados a tal fin, de forma que o seu dereito de participación non sufra menoscabo algúns
- quede debida constancia da identidade dos asistentes. Esa identidade poderá ser establecida polo coñecemento directo da/o socia/o, ou por exhibición a través da webcam dun documento de identificación.

Se por motivos técnicos quedase interrompida, temporal ou definitivamente, a comunicación por videoconferencia entre a/o socia/o e a entidade, a/o Presidenta/e procederá a declarar a suspensión da asemblea comunicando aos asistentes a data e hora prevista para a súa continuación. A suspensión así acordada non afectará á validez dos acordos que, de conformidade coa Orde do Día proposto, se adoptaran con carácter previo á devandita interrupción.

Artigo 25

Funcións da Asemblea Xeral Ordinaria

Serán funcións da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aprobar a Acta da(s) reunión(s) anterior(es).
2. Examinar e, no seu caso, aprobar a Memoria de Actividades do exercicio anterior.
3. Examinar e, no seu caso, aprobar o Balance de situación do exercicio anterior.
4. Examinar e, no seu caso, aprobar os Orzamentos de Ingresos e Gastos do ano económico en curso.
5. Coñecer e aprobar o Plan de Actuación da A.C.E.M. do ano en curso.
6. Censura da xestión dos órganos directivos.
7. Fixar, a proposta da Xunta Directiva, as cotas de calquera tipo que deban aboar as/os diversas/os socias/os.
8. Ratificar a incorporación ou expulsión de socias/os da A.C.E.M.

Artigo 26

Funcións da Asemblea Xeral Extraordinaria

Serán funcións da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Aprobar a modificación de Estatutos.
2. Establecer o réxime disciplinario.
3. Ratificar a composición da Xunta Directiva de acordo co previsto nestes Estatutos.
4. Aprobar a federación con outras asociaciós.
5. Adoptar resolucións sobre os asuntos que figuren na Orde do Dia.
6. Autorizar a disposición, alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
7. Acordar a disolución da A.C.E.M. e designar aos liquidadores.
8. As que, sendo de competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non podan agardar á súa convocatoria sen grave perxuicio para a asociación.
9. Dirimir toda diferenza ou discrepancia que xurda entre unha/un ou máis socias/os e calquera órgano da A.C.E.M.
10. Dirimir todas as cuestiós que xurdan sobre a interpretación destes Estatutos ou dos acordos adoptados polos distintos órganos de goberno da Asociación.
11. Calquera outra que non sexa de competencia expressa da Asemblea Xeral Ordinaria ou da Xunta Directiva.

Artigo 27

Constitución, Desenvolvemento e Acordos da Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral quedará validamente constituida, en primeira convocatoria, cando concorran na mesma a metade máis un dos seus socios/as, por si ou por representante debidamente autorizado e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de membros asistentes. Entre a primeira e segunda convocatoria deberá transcorrer, polo menos, media hora.

As sesións abriránse cando así o determine a/o Presidenta/e, procedéndose á lectura da Acta da Asemblea anterior, por parte da/o Secretaria/o, e a súa aprobación.

Posteriormente, a/o Secretaria/o procederá a prantexala Orde do Dia, sendo cada punto informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos.

Unha vez rematados tódolos asuntos da Orde do Dia procederáse a facer un turno de Rogos e Preguntas concluído o cal a/o Presidenta/e levantarán a sesión.

Os acordos adoptaranse por maioria de votos. Agás, os acordos relativos á modificación de estatutos, elección da Xunta Directiva, disposición ou alleamento de bens inmobles e dissolución de A.C.E.M., que requirirán, polo menos, o voto favorable dos dous terzos dos votos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria constituída a tal efecto.

En caso de empate nas votacións, a/o Presidenta/e poderá exercer un voto de calidade.

De toda Asemblea Xeral levantarase acta no libro correspondente e nela farase constar o número de persoas asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados, indicando os votos a favor, en contra, abstencións e votos en branco e particulares. Para que os acordos sexan firmes e executivos, a acta subscribirase pola/o Secretaria/o e a/o Presidenta/e. Dita acta deberá lerse na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e deberá ser aprobada por maioria.

Os acordos así adoptados obrigarán a todas/os as/os asociadas/os, mesmo ás-aos non asistentes.

As certificacións de tales actas, así como os testemuños dos acordos nelas contidos expediranse, cando proceda, coa sinatura da/do Secretaria/o e o visto bo da/do Presidenta/e.

Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer ante a xurisdicción ordinaria.



Artigo 28

Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano de administración, xestión e representación da A.C.E.M.

A Xunta Directiva estará composta, como mínimo, polos seguintes membros:

- Presidenta/e
- Vicepresidenta/e
- Secretaria/o
- Tesoureira/o

podendo, ademáis, formar parte dela Vogais en número variable, non superior a 5 ou ben os que determine a Asemblea Xeral.

Para ser membro da Xunta Directiva é requisito indispensable a acreditación da súa condición de socia/o. Tódolos cargos electos para formar parte da Xunta Directiva deberán recaer obrigatoriamente en asociadas/os que levan polo menos un ano na asociación. Así mesmo, deberán cumplir os requisitos esixidos para seren membros da Asemblea Xeral.

Os cargos da Xunta Directiva serán gratuitos, sen preuizo do dereito a seren indemnizados polos gastos que lles ocasione o cumprimento das súas funcións, previa aprobación dos mesmos e xustificación documental.

Non obstante, o disposto no parágrafo anterior, as persoas membro poderán recibir unha retribución axeitada pola realización de servizos diferentes ás funcións que lle correspondan como persoas membro dos órganos de goberno. As condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.

Non poderán pertenecer a Xunta Directiva todos aqueles socios/as que perciban un traballo remunerado dentro da asociación.

No caso de prestar servizos para a entidade, persoas con relación de parentesco por consanguinidade ou afinidade, ata o terceiro grao, das persoas membro dos órganos de goberno, a súa contratación e as súas condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.

Tódolos membros da Xunta Directiva terán voz e voto neste órgano, podendo delegar o seu voto noutro membro da Xunta Directiva.

Artigo 29

Elección, duración e renovación da Xunta Directiva

A elección e nomeamento da Xunta Directiva realizarase en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto.

As candidaturas:

- Estarán constituidas, como mínimo, nun 75 por cento por persoas con esclerose múltiple, os seus pais, titores ou representantes legais.
- Deberán ir presididas necesariamente por unha persoa con esclerose múltiple, o seu pai, nai, titor ou representante legal.

As candidaturas serán presentadas en listas pechadas e elixidas por maioría absoluta. No caso de presentarse máis dunha candidatura será elixida a más votada.

As votacións, tanto en assembleas presenciais como a través de videoconferencia ou outros medios telemáticos, serán a man alzada revestindo so carácter secreto cando así o dispoña a/o Presidenta/e, de oficio ou a instancia da metade máis un dos asociados presentes.

Os cargos da Xunta Directiva serán nomeados e ratificados na mesma Asemblea.

Os componentes da Xunta Directiva serán elixidos por un período de dous anos. Poderán ser obxeto de reelección no mesmo cargo por un número máximo de dúas veces consecutivas.

Poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e por expiración do mandato.

Os membros da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o que foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que os substitúan.

Se se produce a metade máis un de baixas na Xunta Directiva, esta deberá convocar, no prazo máximo de corenta e cinco días, Asemblea Xeral Extraordinaria para proceder a cubrir as vacantes.

Mentres o número de baixas sexa inferior á metade máis un, os membros cesantes serán substituídos de maneira provisional, por designación da Xunta Directiva, ata a elección definitiva na seguinte Asemblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 30

Funcións da Xunta Directiva

Corresponde á Xunta Directiva:

1. Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
2. Executar a política da A.C.E.M. e os acordos adoptados na Asemblea Xeral.
3. Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Balances e Contas Anuais.
4. Administrar o patrimonio da A.C.E.M.
5. Propor á Asemblea as cotas ordinarias e extraordinarias para a súa aprobación.

6. Designar, de entre os seus membros, aqueles que terán sinatura recoñecida nas correspondentes entidades bancarias, e como mínimo, a/o Presidenta/e e a/o Tesoureira/o.
7. Autorizar e habilitar, de maneira individual, por circunstancias excepcionais e puntuais, a un só membro da Xunta Directiva, de entre os que teñen sinaturas recoñecidas nas entidades bancarias, para retirar fondos da asociación.
8. Dictar normas internas de organización.
9. Decidir sobre a realización de programas que vayan a ser executados ou coordinados dende a A.C.E.M.
10. Propor á Asemblea a admisión de novas persoas asociadas.
11. Acordar a suspensión temporal dos dereitos de socia/o á espera da ratificación por parte da Asemblea Xeral
12. Determinar a orde do día da Asemblea Xeral.
13. Cubrir, con carácter provisional, as vacantes que se produzcan na Xunta Directiva.
14. Propor o nomeamento de Socias/os de Honra e de Presidenta/e de honra á Asemblea Xeral para a sua ratificación.
15. Facultar, por medio de poderes, ás persoas que se estime axeitado.
16. Preparar cants documentos deban ser aprobados pola Asemblea Xeral.
17. Resolver, na arbitraxe de equidade ou por mediación, as controversias que poidan existir entre as/os socias/os da A.C.E.M.. Esta actuación poderá ser efectuada por si ou por delegación, designando unha comisión a tal efecto, que poderá estar integrada por persoas que non formen parte da Xunta Directiva.
18. Interpretar os presentes Estatutos.
19. Designar as Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bon funcionamento da asociación, sempre supervisadas por algún membro da Xunta Directiva.
20. Nomear delegados para algunha actividade determinada da Asociación.
21. Formular ou decidir sobre calquera asunto de competencia e interese da Asociación, e que non estea reservado legal ou estatutariamente á Asemblea Xeral.
22. En xeral, todas aquelas actividades ou acordos que redunden no beneficio da asociación, dos que deberá dar conta á Asemblea.

Artigo 31 Funcionamento da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reunírase, cando menos, catro veces ó ano, preferentemente unha vez cada trimestre, ou cando o decida a/o súa/seu Presidenta/e por si ou a petición do vinte por cento dos seus compoñentes.

A asistencia ás reunións é obligatoria, se ben cando a asistencia sexa imposible deberá formularse a excusa á Presidencia, xunto coa posible delegación de voto noutro membro da Xunta Directiva.

Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros, e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioria de votos. No caso de empate, o voto da/do Presidenta/e será de calidade.

A convocatoria das sesións, que comprenderá en todo caso a Orde do Día correspondente, será feita pola/o Presidenta/e da Xunta Directiva ou persoa en quen delegue, cunha antelación mínima de sete días, salvo caso de especial urxencia.

A composición da Orde do Día das sesións corresponderá a/ao Presidenta/e, a proposta da/do Secretaria/o, quen terá en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros.

A/O Secretaria/o, ou no seu defecto a/o Vicepresidente, levantarán acta das sesións que se transcribirán ao libro de actas.

Cando o estime oportuno a Xunta Directiva ou a/o Presidenta/e, poderán acudir á reunión da mesma persoas non pertencentes a ela con carácter de asesoras/es.

O disposto no artigo 24 dos presentes Estatutos respecto á posibilidade de celebración telemática das asembleas será de aplicación, nos mesmos termos e condicións, á celebración das reunións da Xunta Directiva.

Artigo 32 Comisión Permanente

Poderá crearse unha Comisión Permanente, que terá a misión de exercer cotidianamente e de maneira máis áxil o goberno da A.C.E.M. A composición da mesma será establecida por acordo da Xunta Directiva.

Para ostentar a condición de membro de dereito da Comisión Permanente é necesario formar parte da Xunta Directiva. A perda da condición de membro da Xunta Directiva determinará automaticamente a perda de condición de membro da Comisión Permanente.

Artigo 33 Comisión de Ética

Poderase crear unha Comisión de Ética composta por persoas pertencentes ou non a A.C.E.M., designadas pola Xunta Directiva.

Terá como finalidade a de velar porque as actuacións, tanto da A.C.E.M., como as das/dos súas/seus socias/os a título individual sexan éticas, non irregulares e lícitas. Esta comisión non terá carácter executivo.

Artigo 34 Dos órganos unipersonais

Os órganos unipersonais da Asociación serán:

- Presidenta/e
- Vicepresidentas/es

- Secretaria/o
- Tesoureira/o
- Vogais

Artigo 35 Presidenta/e

Son funcións da/do Presidenta/e:

1. Representar legalmente a A.C.E.M. ante toda clase de Organismos públicos ou privados.
2. Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asamblea Xeral, a Xunta Directiva e a Comisión Permanente, así como dirixir as deliberacións dunha ou doutra.
3. Ordenar os pagos con cargo ós fondos da A.C.E.M. Levar a sinatura social conciuntamente coa/co Secretaria/o ou a/o Tesoureira/o.
4. Dispor dos fondos da A.C.E.M. depositados en entidades bancarias, en conxunto coa/coas persoas designada/s pola Xunta Directiva para esta finalidade, de entre as que teñen sinatura recoñecida nas correspondentes entidades bancarias ou individualmente cando así o autorice a Xunta Directiva conforme ao *artigo 30.7* dos presentes Estatutos, por circunstancias excepcionais e puntuais.
5. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, ou no desenvolvemento das súas actividades resulte precisa ou conveniente, sen perxuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
6. Nomear a calquera persoa como Asesor/a, que será ratificada pola Xunta Directiva, e asignarlle as tarefas axeitadas, coa obriga de informar á Xunta Directiva das recomendacións e informes desas/es asesoras/es. As resolucións de calquera Asesor non son vinculantes en ningún caso.
7. Permitir ou non, a presenza de invitadas/os nas reunións da Xunta Directiva e nas Asambleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias.
8. Autorizar, coa súa sinatura, as actas das reunións da Asamblea Xeral e a Xunta Directiva.
9. Velar pola execución dos acordos adoptados na Asamblea Xeral e na Xunta Directiva.
10. Subscrebir contratos en nome da A.C.E.M., outorgar poderes a terceiros, exercitar accións e opor excepcións diante dos órganos da xurisdición ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e heranzas, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interese aos fins da Asociación.
11. Coidar do debido cumprimento dos Estatutos, dos fins e principios da A.C.E.M., xuntamente coa/co Secretaria/o.
12. Calquera outro de interese para a execución dos Estatutos.

Artigo 36 Vicepresidenta/e

A/o Vicepresidenta/e substituirá a/o Presidenta/e na ausencia desta/e,

motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as súas mesmas atribucións.

Así mesmo, poderá asumir todas aquelas funcións da/do Presidenta/e que esta/e lle delege expresamente.

No caso de substitución definitiva, esta sería aos efectos tan só de convocatoria de novas eleccións, que se levarian a cabo no mínimo tempo imprescindible, establecendo como período máximo, tres meses.

Artigo 37 Secretaria/o

As funcións da/do Secretaria/o son:

1. Custodiar os libros, documentos e selo da entidade, excepto os libros de contabilidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demáis acordos sociais inscribibles nos Rexistros que correspondan.
2. Levar os libros da Asociación legalmente establecidos, o libro de rexistro de Socias/os, e os ficheiros das/dos Asociadas/os.
3. Redactar e custodiar as actas das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva.
4. Librar certificacións con referencia ós Libros e documentos da A.C.E.M. co visto e prace da/do Presidenta/e.
5. Preparar os puntos que teñen que tratarse nas Asembleas Xerais
6. Responsabilizarse, xunto coa/co Presidenta/e, do debido cumprimento dos Estatutos e dos fins e principios da A.C.E.M.
7. A organización, impulso e control dos servizos administrativos e técnicos da A.C.E.M.
8. A representación xurídica ante todo tipo de instancias públicas e privadas, e de carácter administrativo e xudicial. As facultades más amplias que en Dereito procedan para o exercicio de calquera tipo de acción, excepción ou pretensión en calquera forma, en toda clase de procedementos administrativos, xudiciais ou extrajudiciais ante todo tipo de persoas, entidades, organismos públicos ou privados e calquera clase de Xulgados, Tribunais ou árbitros e, expresamente, para a iniciación, seguimiento ou terminación dos procedementos antes indicados, así como, especialmente, para desistir, renunciar, allearse, transixir, someter a arbitraxe e facer todo tipo de manifestacións que poidan comportar sobreseimientu do proceso por satisfacción extraprocesal. A tales efectos poderá nomear e apoderar ás/ao avogadas/os e procuradoras/es que teña por conveniente. Da utilización destas facultades dará conta á Xunta Directiva na primeira reunión que teñan.
9. Levar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido ao efecto.

Artigo 38

Tesoureira/o

As funcións da/do Tesoureira/o son:

1. Custodiar e levar libros de Contabilidade.
2. Comunicar inmediatamente á Xunta Directiva o incumprimento ou irregularidades que se poidan producir nos cobros, pagamentos e, en xeral, na xestión económica da A.C.E.M.
3. Custodiar os fondos da A.C.E.M., respondendo das cantidades das que se fixera cargo, conservando na caixa os fondos que a Xunta Directiva estime necesarios para o normal desenvolvemento da A.C.E.M.
4. Constituir e retirar os depósitos, abrir contas e dispor dos fondos da A.C.E.M. depositados en entidades bancarias, conforme á autorización da Xunta Directiva (artigos 30.7 e 45).
5. Facerse cargo das cantidades que se ingresen na A.C.E.M., arquivando os libramientos que se fagan efectivos cos seus xustificantes.
6. Elaborar os presupostos anuais e facer previsións de futuro.
7. Presentar as contas anuais.
8. Dar cumprimento ás ordes de pago expedidas pola/o Presidenta/e.

Artigo 39

Vogais

As funcións das/dos vogais son:

1. As propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva.
2. As que xurdan das delegacións e comisións de traballo que a propia Xunta Directiva lle encomende.

CAPÍTULO IV

DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 40

Impugnacións

As impugnacións que se formulen respecto das convocatorias, tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva da A.C.E.M., poderán realizarse con carácter previo a estas cando se trate de cuestións relacionadas coa propia convocatoria ou coa competencia dos asuntos propostos na orde do día e, salvo que a/o Presidenta/e estime a existencia de errores ou vicios que poidan motivar a anulación da convocatoria, deberán ser resoltas ao comezo da reunión.

Os acordos da Xunta Directiva poderán ser impugnados diante da mesma no prazo máximo de quince días dende que tiveran coñecemento de dito acordo as/os ausentes na reunión. Aqueles que estiveran presentes disporán do mesmo prazo sempre e cando salvan expresamente o seu voto.

Sen prexuízo das impugnacións, os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva son executivos salvo que ditos órganos acorden a súa suspensión.

Artigo 41 Recursos

Os acordos adoptados na Xunta Directiva resolvendo impugnacións poderán ser recorribles diante da Asemblea Xeral no prazo de quince días.

A impugnación dos acordos da Asemblea Xeral, incluídos os que resolvan impugnacións de acordos da Xunta Directiva substanciaranse diante dos tribunais da xurisdición ordinaria na forma e prazos que a Lei determine.

CAPÍTULO V DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 42 Recursos económicos

Para atender aos seus fins, a A.C.E.M. contará cos recursos seguintes:

1. As cotas das/dos socia/os, periódicas ou extraordinarias.
2. As subvencións, axudas, doazóns, donativos, legados ou heranzas que puidera recibir de xeito legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas.
3. Os bens propios, mobles e inmobles.
4. O rendemento do seu patrimonio.
5. Os ingresos que se podan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación
6. Calquera outro recurso lícito que obteña para ser destinada ao cumprimento dos seus fins.

A A.C.E.M. no momento de iniciar as actividades, dispón dun patrimonio de 6 euros. O patrimonio da Asociación poderá ampliarse por compra ou recepción gratuita de bens inmobles.

Artigo 43 Cotas

As cotas serán das seguintes clases:

- a) Ordinaria anual acordada pola Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva.



A Xunta Directiva poderá delegar a súa función en tres ou más comisarios elixidos pola mesma entre as/os socias/os.

Artigo 49
Asemblea Xeral no periodo de liquidación

Durante o período de liquidación, a Asemblea Xeral conservará a plenitude de poderes e facultades que tiña con anterioridade ao acordo de disolución.


Artigo 50
Destino dos bens resultantes

Unha vez extinguidas as débedas e de existir sobrante líquido, a comisión liquidadora destinara para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa, concretamente a unha entidade benéfica ou a outra Asociación similar á constituída.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o que non estea previsto nos presentes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

Vº Bº:
Presidenta



Asdo: M^a Teresa González Salvadores
DNI: 36052776-T

Secretaria



Asdo: M^a Isabel Quelle Campos
DNI 33203206-S

DILIXENCIA:

Dona M^a Teresa González Salvadores, presidenta, e Dona M^a Isabel Quelle Campos, secretaria da Asociación Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (A.C.E.M.), con domicilio social na R/Queixume dos Pinos, Salgueiriños, CP 15705, Santiago de Compostela, A Coruña, e con CIF G-15528813, fan constar que estes Estatutos foron modificados en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en data 28/10/2020, co obxecto de adaptalos aos requisitos establecidos na L.O. 1/2002 de 2 de marzo, reguladora do dereito de asociación, seguindo o procedemento previsto no R.D. 949/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociaciōns.

E para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente en Santiago de Compostela, a 29 de outubro de 2020.

Vº Bº
Presidenta



Asdo: M^a Teresa González Salvadores
Presidenta

Secretaria



Asdo: M^a Isabel Quelle Campos
Secretaria